



Dunha ocasión que o demo quixera parar o muíño e entonces púxose na capa, zurra, zurra, zurra, zurra, pero a cada paso iba o demo dar contra a parede. E zurrou e zurrou pero dixo:

- No, pois ter parar teño que te parar que teño máis forza ca ti.

Pero volvía de seghunda, nada, e sapateábao contra a parede. Dixo el:

- Pero será posible!

Mirouno por baixo, por riba, por tódolos lados, non viu a posibilidade de paralo. Despois zurroulle ó pé, pero o pé é máis ghrande e xa nada, e a capa zapateábeao por baixo. E dixo él:

- Pois esto, esto será cousa que, non sei de quen será pero o demo xa son eu e non sei de quen será.

E colleu, botou a porta fóra, e anduvo arredor do muíño, e veulle o rodicio embaixo e dixo él:

- Ai, mira donde ven a angarallada!